



REPASO CCNN 5º



- 1 O organismo humano é a organización...**
 - a. das nosas células.
 - b. dos nosos órganos e tecidos.
 - c. de todos os sistemas.
- 2 Onde se encontran os receptores dos órganos dos sentidos?**
 - a. Na córnea, no tímpano, nas papilas olfactivas e na fosa nasal.
 - b. Na retina, no caracol, na pel, nas papilas gustativas e na pituitaria amarela.
 - c. Na pupila, nos osíños, nas papilas olfactivas e na pituitaria vermella.
- 3 Que dúas partes se distinguen no sistema nervioso?**
 - a. O cerebro e a medula espiñal.
 - b. Os nervios e o encéfalo.
 - c. O sistema nervioso central e o sistema nervioso periférico.
- 4 O cerebelo encóntrase...**
 - a. no cerebro.
 - b. na medula espiñal.
 - c. no encéfalo.
- 5 Os ósos que protexen a medula espiñal son...**
 - a. a columna vertebral.
 - b. a cabeza.
 - c. as extremidades.
- 6 Os músculos que participan no mesmo movemento denominanse...**
 - a. antagonistas.
 - b. esqueléticos.
 - c. periféricos.
- 7 Manter unha boa postura evita que suframos...**
 - a. lesións cerebrais.
 - b. contraccións musculares.
 - c. escordaduras.
- 8 Os estomas das plantas permiten...**
 - a. o paso de osíxeno e a saída de dióxido de carbono na fotosíntese, así como a saída de osíxeno e a entrada de dióxido de carbono durante a respiración.
 - b. a saída de dióxido de carbono e o paso de osíxeno durante a respiración, así como a saída de osíxeno e a entrada de dióxido de carbono na fotosíntese.
 - c. o paso de osíxeno e a saída de dióxido de carbono, na fotosíntese e na respiración.
- 9 Todos os individuos dunha mesma especie que habitan nun ecosistema forman...**
 - a. unha poboación.
 - b. unha comunidade.
 - c. a ecosfera.
- 10 As plantas producen na fotosíntese máis ou menos osíxeno do que consomen durante a respiración?**
 - a. Máis.
 - b. Menos.
 - c. Igual.

- 11** En que ecosistema acuático os seres vivos están adaptados ás correntes de auga?

a. Nos ríos. b. Nas costas rochosas. c. Nas lagoas.

12 Os descompoñedores son...

a. animais, como os voires, que se alimentan de cadáveres doutros animais e que os descompoñen por completo.
b. microorganismos e fungos que se alimentan de restos doutros seres vivos e que os descompoñen por completo.
c. animais carnívoros que se alimentan doutros animais.

13 A relación entre dous seres vivos de distintas especies en que os dous se benefician recibe o nome de...

a. comensalismo. b. competencia. c. mutualismo.

14 A enerxía que se emprega directamente recibe o nome de...

a. enerxía total. b. enerxía final. c. enerxía nuclear.

15 Se un centímetro cúbico de cobre ten unha masa de 9 g, cal é a densidade do cobre?

a. 9 cm³/g. b. 9 g/mL. c. 9 mL/g.

16 Cando actúa unha forza sobre eles, os corpos deformables...

a. cambian de forma. b. non cambian de forma. c. rompen.

17 A enerxía química é, por exemplo, a que...

a. empregan as plantas para realizar a fotosíntese.
b. se encontra almacenada nos alimentos.
c. teñen substancias como o uranio ou o plutonio.

18 Cal é a fonte de enerxía máis empregada na produción de electricidade?

a. O gas natural. b. O carbón. c. As enerxías renovables.

